

# VENRES EMPREENDE- DORES



Emprender é, sobre todo, unha actitude, unha cultura, unha forma de ver a vida e de transformar as ideas en produtos, en servizos, en melloras. Con esta filosofía, o Centro de Emprendemento do Gaiás pon en marcha os **Venres Emprendedores**, unha cita mensual con profesionais que no seu día deron o paso e hoxe constitúen un caso de éxito.

A modo de coloquio, catro personalidades do mundo do deseño e a publicidade permitirannos coñecer dunha forma creativa e orixinal a súa experiencia, cos seus problemas e dificultades e pero tamén os seus acertos. A interacción entre público e relatores facilitarase nunha sesión de networking informal posterior, onde todos os presentes poderán intercambiar experiencias e coñecementos ao redor das degustacións que ofrecerá o Instituto Galego do Viño.

**Inscripción de balde** (Enviando un correo cos teus datos persoais e a charla ou charlas ás que queres asistir ao mail [promoción@ciudadadacultura.org](mailto:promoción@ciudadadacultura.org))

Fundación  
**GAIÁS**



**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

**CEM**  
CENTRO DE  
EMPRENDE-  
MENTO

# VENRES EMPREENDE- DORES

**INSPIRATE  
CONECTA  
EMPRENDE**

6 Mar / 10 Abr / 15 Mai / 5 Xuñ  
Sala Einseman, 18:00 horas  
Gaiás - Cidade da Cultura

Coa participación de:

**REI ZENTOLO**  
**FRUTODS**  
**ÓSCAR SANTOMÉ DISEÑO**  
**QUATTRO IDCP**

Degustacións por cortesía do Instituto Galego do Viño

**6 DE MARZO**

## REI ZENTOLO

A historia comeza en 2003, cando tres mozos galegos recién licenciados crean unha primeira liña de camisetas con deseños que mesturan cultura popular de Galicia coa estética do pop art anglosaxón e a cultura popular global. A idea: facer arte nun formato asequible que chegara a todo tipo de público, cun estilo sempre divertido e cargado de ironía. Unha década despois, os deseños de Rei Zentolo son recoñecibles en toda Galicia, contan con seis tendas propias e están presentes nun cento de tendas multimarca en toda España e online. A súa filosofía: Galegidade, Creatividade, Universalidade.



**10 DE ABRIL**

## ALBERTO RODRÍGUEZ MONTIEL, DIRECTOR DE PROXECTOS DE FRUTODS

Neste 2015, FrutoDS cumpre dez anos. Unha década na que o que foi o primeiro estudo de deseño de produto en Galicia acumulou unha ampla experiencia que lle levou a colaborar con empresas moi diversas: de Finsa a R, Televés ou o Clúster de la Madera de Galicia; e a recibir o Premio Innovación AJE 2013 e primeiro premio nos A'Design Award 2013 polo seu colector Big.Bin. Este venres emprendedor, Alberto Rodríguez, enxeñeiro técnico en Deseño Industrial e director de proxectos de FrutoDS contaranos a súa experiencia á fronte dunha firma que sempre busca que o deseño se convirta nunha ferramenta competitiva para empresa.



**15 DE MAIO**

## ÓSCAR SANTOMÉ DISEÑO

“A prioridade non é facer locais “fermosos”, senón crear imaxe de marca e poñer en marcha negocios con éxito”. Esta é a carta de presentación de Óscar Santomé, deseñador de interiores con máis de dezaseis anos de experiencia. Desde hai cinco, puxo en marcha o seu propio estudo especializado en Contract, Óscar Santomé Diseño, no que une unha idea clara cunha paixón irrenunciable: o deseño e a creatividade como bandeira. Óscar Santomé ten un estilo propio, baseado na orde espacial e a proporción xeométrica, que se axusta ás necesidades de cada cliente, creando espazos orixinais e funcionais.



**5 DE XUÑO**

## JAIME CONDE, DIRECTOR XERAL DA AXENCIA QUATTRO IDCP

“Creo na creatividade como mellor ferramenta para diferenciarse da competencia e conseguir resultados”. Así o pensa Jaime Conde, que desde hai 20 anos goza e loita no mundo da publicidade a través da axencia que dirixe: Quattro IDCP. Considerada unha das corenta mellores axencias de España pola revista El Publicista, Quattro IDCP traballa para todo tipo de empresas. Os traballos con máis proxección son os de R pero na súa carteira de clientes atopamos firmas como Feiraco, o Concello da Coruña, La Voz de Galicia, Novagalicia, Banco Pastor, Bosch, San Luis, Halcón Viajes, Ence, Fundación Barrié, Xunta de Galicia...

